

5.— *Garantías esixidas*. Provisional: non se esixe. Definitiva: 5% do importe do contrato excluído o IVE.

6.— *Requisitos específicos do contratista*: a) Clasificación: no procede acreditar clasificación.

7.— *Presentación de ofertas*: a) Data límite de presentación: o prazo rematará ós 13 días seguintes ó de publicación do presente anuncio no BOP e no DOG; b) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO c) Admisión de melloras: si; d) Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

8.— *Apertura de Ofertas*: a) Dirección: Casa do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO. b) data e hora. Anunciarase no perfil do contratante do concello de Vigo (www.vigo.org).

9.— *Gastos de Publicidade*. Pagaraos o adxudicatario ata a cantidade de 1.000 euros.

Vigo, 9 de novembro de 2010.— A concelleira delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

2010012198

* * *

CAMBADOS

A N U N C I O

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 30 de Outubro de 2010 adoptou acordo de cesión gratuíta de edificio e terreos anexos sitos na Rúa Montesacro nº 45 a favor da Consellería de Traballo e Benestar co fin de proceder á construción dun Centro de Día.

De conformidade co establecido no artigo 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais sométese o expediente a información pública durante o prazo de 15 días hábiles a contar dende a publicación do presente anuncio no B.O.P.

Cambados, a 8 de Novembro de 2010.— Alcalde, Luis Aragunde Aragunde.

2010012013

* * *

O G R O V E

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES, SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADE CULTURAIS NO ANO 2010

1.— OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de libre concorrência para fomentar as actividades que, no eido da cultura e nas súas diversas formas, promovan asociacións culturais sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese social para o Concello do Grove, e dirixidas á poboación en xeral.

2.— BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria:

- As persoas Físicas ou Xurídicas, asociacións culturais validamente constituídas, sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio social no Concello do Grove, realicen actividades de interese cultural no ámbito do municipio e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e cumpran os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Quedan excluídas desta convocatoria as entidades e actividades que non cumbran algún requisito das presentes bases.

3.—PROGRAMAS SUBVENCIONABLES

Actividades culturais

1. dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter permanente, no eido cultural en tódalas súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, encontros, obradoiros, cursos, audiovisuais, conferencias, xornadas, e semellantes.
2. dirixidas á realización das celebracións das festas etnográficas, tradicionais e de valor histórico e cultural, nas dúas parroquias: entroido, maios, letras galegas, mallas, solsticio de vran, festas da historia, e semellantes.

4.—CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCÍONS

A contía da subvención estará en función dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes. A subvención non poderá exceder do custe da actividade á que se aplique, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade, tanto de entes públicos como privados. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos. As entidades quedan obrigadas a comunicar calquera achega económica institucional ou privada que reciban con destino á actividade solicitada.

5.—APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O Concello do Grove concederá estas axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades culturais que organicen as persoas físicas ou xurídicas sen fin de lucro no seu ámbito territorial, cando teñan relevancia para os intereses municipais, durante o exercizo actual e que se financiarán con cargo á aplicación 331.48000 do seu orzamento co límite de 30.000 €.

6.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

As asociacións, entidades ou interesados en obter subvencións do Concello do Grove deberán solicitalo mediante a presentación dunha única instancia, con documentación xenérica e documentación específica para cada programa segundo se sinala a continuación.

A) Documentación Xenérica:

- a) Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF) e certificado da conta bancaria ao seu nome
- b) Certificado do Secretario da entidade solicitante no que conste as subvencións e ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ao Concello do Grove a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.
- c) Declaración do responsable da entidade según modelo anexo á disposición nas oficinas de Intervención do seguinte:
 - De non ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello do Grove.
 - Do número de beneficiarios directos ou indirectos da actividade solicitada.
 - De cumprir os requisitos esixidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

B) Documentación Específica (para cada actividade):

1. Para as dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter anual, no eido cultural en tódalas súas vertentes.
 - a) Proxecto, ou memoria, de cada actividade con expresión, entre outros, de: data, lugar de celebración, responsable/s do desenvolvemento da acción, obxectivos da mesma e estimación dos beneficiarios.
 - b) Orzamentos de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos e ingresos. Con expresión da súa gratuidade, se é o caso, ou do seu cobro, se así o fose.
2. Para as dirixidas á realización das festas etnográficas, tradicionais, ou de valor histórico ou cultural
 - c) Proxecto, ou memoria, para cada unha das actividades, con especificación, entre outros, de: data, lugar de celebración, responsable/s do desenvolvemento da acción, obxectivos da mesma e estimación dos beneficiarios, así como da acreditación de ter realizado esta actividade con anterioridade ou vontade de continuar a celebrala no tempo.
 - d) Orzamentos de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos e cada un dos ingresos previstos, ou percibidos.

As asociacións, entidades ou interesados en obter subvencións do Concello do Grove deberán solicitalo mediante a presentación da documentación xenérica e da documentación específica para cada programa segundo se sinala a continuación.

A) Documentación Xenérica:

- d) Instancia individualizada para cada actividade asinada polo representante legal, debidamente acreditada a representación
- e) Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF) e certificado da conta bancaria ao seu nome
- f) Certificación da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións.
- g) Certificado do Secretario da entidade solicitante no que conste as subvencións e ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ao Concello do Grove a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.
- h) Xustificación documental dos requisitos esixidos nas bases.
- i) Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello do Grove.
- j) Declaración do representante da entidade solicitante da imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiario da subvención do Concello do Grove.
- k) Declaración do número de beneficiarios directos ou indirectos da actividade solicitada.
- l) Declaración de cumprir os requisitos esixidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

B) Documentación Específica:

1. Para as dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter anual, no eido cultural en tódalas súas vertentes.
 - e) Proxecto, ou memoria, de cada actividade con expresión, entre outros, de: data, lugar de celebración, responsable/s do desenvolvemento da acción, obxectivos da mesma e estimación dos beneficiarios.
 - f) Orzamentos de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos e ingresos. Con expresión da súa gratuidade, se é o caso, ou do seu cobro, se así o fose.
2. Para as dirixidas á realización das festas etnográficas, tradicionais, ou de valor histórico ou cultural
 - g) Proxecto, ou memoria, para cada unha das actividades, con especificación, entre outros, de: data, lugar de celebración, responsable/s do desenvolvemento da acción, obxectivos da mesma

e estimación dos beneficiarios, así como da acreditación de ter realizado esta actividade con anterioridade ou vontade de continuar a celebrala no tempo.

- h) Orzamentos de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos e cada un dos ingresos previstos, ou percibidos.

7.—PRESENTACIÓN

A instancia coa restante documentación solicitando a subvención presentárase no Rexistro Xeral do Concello do Grove no prazo de quince días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia, ou en calquera das formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirirase aos interesados para que no prazo de dez (10) días emenden as anomalías advertidas, procedéndose, no caso contrario, ao arquivo da solicitude.

8.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

Os criterios de valoración para o sinalamento da subvención e a fixación da súa contía serán, como mínimo, os seguintes:

A) Criterios Xerais:

- a) Interese xeral da actividade no ámbito municipal.
- b) Número de beneficiarios, directos ou indirectos.
- c) Imposibilidade de realizar a actividade de non ser beneficiado pola subvención.
- d) Volume de subvencións concedidas a actividades para a mesma finalidade.
- e) Custe en función da capacidade da actividade e porcentaxe que se solicita como subvención.
- f) Traxectoria e permanencia da entidade solicitante na vida cultural do concello.
- g) Colaboración coa actividade cultural realizada polo Concello do Grove

B) Criterios Específicos:

1. Para as dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter anual no eido cultural en tódalas súas vertentes:

- a) A continuidade, estabilidade e solvencia demostrada pola entidade solicitante no ámbito da actuación puntual desenvolta.
- b) O grao de innovación proposto, sobre todo naqueles sectores culturais que podan aparecer como deficitarios.
- c) A repercusión para o colectivo ao que van dirixidas e para o que participa nas actividades, en canto á mellora da súa calidade de vida.
- d) O custe total da actividade proposta, a respecto do seu hipotético autofinanciamento.
- e) A falta doutros ingresos para a actividade, sexan polo cobro de entradas ou por calquera outro concepto.

2. Para as dirixidas á realización das festas etnográficas, tradicionais, ou de valor histórico ou cultural

- a) A continuidade, estabilidade e solvencia demostrada polas asociacións organizadoras deste tipo de eventos
- b) O grao de implicación dos veciños da parroquia na realización das mesmas e no mantemento dos costumes tradicionais.
- c) O grao de innovación dentro da celebración proposta.
- d) Custe total da actividade e nivel de autofinanciamento.

9.—COMISIÓN CUALIFICADORA

A Comisión Cualificadora estará composta polo concelleiro de cultura e polos membros da Xunta Local de Goberno, e con voz e sen voto o/a secretario/a xeral do Concello.

10.—VALORACIÓN

A comisión cualificadora, constituída regulamentariamente valorará, de conformidade coas presentes bases, as peticións tendo en conta:

1. A documentación achegada, as actividades culturais para as que se solicita a subvención e a contribución do programa ou actividade á promoción/participación cultural cidadá.
2. Informe técnico no que se acredite a imposibilidade de que o Concello do Grove poida cumprir a finalidade correspondente coa mesma eficacia e sen menor custo co representado pola propia subvención e que a redución de custos nos que o Concello do Grove se beneficie pola consecución de actividades que se trate de subvencionar, tendo en conta que a subvención que poida outorgar a institución municipal non excederá ó beneficio que da mesma se obtería como redución dos seus gastos.
3. O informe de resolución que elabore o concelleiro de cultura.

11.—ESTUDO E RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES

O estudo e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase tras o estudo do bloque de solicitudes presentada en cada programa.

Unha vez que realicen tódolos trámites relacionados con cada solicitude, a Comisión cualificadora elaborará proposta de resolución que, previo informe de Intervención, serán resoltas polo órgano competente no procedemento concedendo ou denegando definitivamente a subvención.

Na resolución, caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pagamento, programa afectado e condicións nas que se outorga.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

12.—COMPROMISOS

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello do Grove. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entidades ou persoas físicas poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.

13.—PATROCINIO

As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan obrigadas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo do programa ou actividade subvencionada, mención expresa do patrocinio da concellería de Cultura do Concello do Grove, e achegarán copia dos mesmos xunto coa xustificación de cobro.

Terá que incluírse o logotipo da concellería xunto co do Concello do Grove, sendo do mesmo tamaño, como mínimo, ao doutros posibles patrocinadores, cando a achega económica destes non sexa superior a subvención concedida pola institución municipal.

14.—XUSTIFICACIÓN E COBRO

Para poder percibir as subvencións concedidas de acordo coas prescricións destas bases, os beneficiarios presentarán a documentación xustificativa no Rexistro Xeral do Concello antes do 30 de decembro de 2010, non sendo as axudas que debido á realización das mesmas durante o mes de decembro, que se poderá presentar ata o 1 de febreiro de 2010.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- a) Instancia subscrita polo/as Presidente/a da entidade dirixida ao Ilmo. Alcalde - Presidente do Concello do Grove, na que se solicite o pago da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude. Deberase acreditar a titularidade do asinante da instancia por medio de certificación do secretario da asociación, ou calquera outro medio en que quede fidedignamente demostrada a titularidade do asinante.
- b) Memoria na que detalle a actividade realizada de conformidade coa achegada á instancia de solicitude de subvención e balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade.
- c) Facturas, detallando os conceptos e importes no modelo de cuenta xustificativa do Concello do Grove que figuran como anexo.
- d) Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade subvencionada.

15.—REQUISITOS DAS FACTURAS

As facturas que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a) Ser orixinais ou fotocopias compulsadas.
- b) Datadas no ano 2010 que é o ano no que se concede a subvención.
- c) Conter o número de identificación fiscal do preceptor.
- d) Conter o selo da casa subministradora ou a sinatura.

No suposto de que a subvención teña destino o pagamento de persoas físicas que prestan servizos retribuídos, pago de premios ou pago de dietas, a entidade beneficiaria ven obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagos a persoal retribuído coa súa pertinente retención se xustificará a través da nómina correspondente, acompañada dos TCs.

16.—REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade de carácter pre-pagable ou ausencia e xustificación das mesmas nos termos contemplados na Ordenanza reguladora das bases xerais e nas presentes bases, o Concello do Grove esixirá ás persoas xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes.

17.—INTERPRETACIÓN

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta polo persoal do departamento de Cultura do Concello.

18.—RECURSOS

Contra o acordo de concesión ou denegación, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante o órgano correspondente, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da recepción da resolución polo solicitante, segundo dispoñen os art. 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso – administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O Grove, a 3 de novembro de 2010.—O Alcalde, José A. Cacabelos Rico.

2010012012